

*Anuncio de aprobación definitiva de ordenanza fiscal*

Aprobada de modo definitivo polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día 27 de setembro de 2012 a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola utilización e aproveitamento especial das instalacións deportivas municipais.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícanse agora o referido acordo plenario, así como o texto íntegro das Ordenanza Fiscal que resulta da devandita aprobación.

De conformidade co artigo 19.1 do citado R.D. Legislativo, contra dito acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimaran procedente.

*Acordo plenario:*

Visto que en data de 31 de maio de 2012 o Pleno da corporación aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización e aproveitamento especial das instalacións deportivas municipais; visto que o 11 de xullo de 2012 preséntase por D. Filipe Besada Porto, con D.N.I. nº76867062G, escrito de alegación á citada Ordenanza (nº de rexistro de entrada 4443), visto informe de Intervención de data 17 de setembro de 2012.

Considerando os beneficios que tanto para os clubs como para os veciños se derivan da aprobación da referida Ordenanza Fiscal dacordo ca súa redacción inicial, por esta Alcaldía propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.—Desestimar a alegación presentada por D. Filipe Besada Porto con data de entrada 11/07/2012 contra a aprobación inicial da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización e aproveitamento especial das instalacións deportivas municipais.

2º.—Considerar, unha vez rematado o prazo de exposición pública, aprobada definitivamente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola utilización e aproveitamento especial das instalacións deportivas municipais, e que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia de dita aprobación definitiva así como do seu texto íntegro en cumprimento do disposto nos artigos 17 do RDLex. 2/2004.

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO ESPECIAL  
DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS****ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO**

En uso das facultades atribuídas polo artigo 133.2 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.3 do RDLex. 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese a taxa pola utilización e aproveitamento especial das instalacións deportivas municipais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa das instalacións deportivas municipais seguintes:

- a) ximnasios
- b) pavillóns deportivos
- c) campos de fútbol
- d) calquera outra que no futuro se poida incorporar por desexo da corporación

**ARTIGO 3. OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR**

A obrigación de contribuír nacerá pola utilización privativa de calquera das instalacións do artigo anterior, fose esta autorizada polo Concello mediante unha solicitude do interesado ou realizada de feito sen mediar solicitude ou autorización previa.

**ARTIGO 4. SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos, en calidade de contribuíntes:

As persoas naturais ou xurídicas que soliciten a utilización das instalacións, a colocación de publicidade, ou doutros elementos que constitúan o feito impositivo, ou aquelas que sen mediar solicitude previa utilizen as instalacións no seu beneficio pola vía de feito.

As entidades, organismos, asociacións, federacións, clubs etc., no nome de cales se solicitase ante o Ilmo. Concello do Grove a autorización para a utilización das instalacións, ou doutros elementos que constitúan o feito impositivo, ou aquelas que sen mediar solicitude previa utilizen as instalacións no seu beneficio pola vía de feito.

**ARTIGO 5. RESPONSABILIDADES**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os art. 38.1 e 39 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 desta mesma Lei 58/2003.

**ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA**

A presenta taxa liquidaráselles aos suxeitos pasivos de acordo coas seguintes tarifas:

<b>1</b>	<b>PAVILLÓN MUNICIPAL MONTE DA VILA:</b>	
a)	Persoas ou asociacións deportivas con residencia no Grove	10 €/hora
b)	Persoas ou asociacións deportivas sen residencia no Grove	20 €/hora
<b>2</b>	<b>PAVILLÓN MUNICIPAL DE CONMENIÑO:</b>	
a)	Persoas ou asociacións deportivas con residencia no Grove	10 €/hora
b)	Persoas ou asociacións deportivas sen residencia no Grove	20 €/hora
<b>3</b>	<b>CAMPO DE FÚTBOL DO MONTE DA VILA:</b>	
a)	Persoas ou asociacións deportivas con residencia no Grove	20 €/hora
b)	Persoas ou asociacións deportivas sen residencia no Grove	40 €/hora
<b>4</b>	<b>CAMPO DE FÚTBOL DAS LAMPÁNS:</b>	
a)	Persoas ou asociacións deportivas con residencia no Grove	20 €/hora
b)	Persoas ou asociacións deportivas sen residencia no Grove	40 €/hora
<b>5</b>	<b>PAVILLÓN DE DEPORTES NÁUTICOS:</b>	
a)	Persoas ou asociacións deportivas con residencia no Grove	20 € barco/mes
b)	Persoas ou asociacións deportivas sen residencia no Grove	40 € barco/mes
<b>6</b>	<b>ACTOS CON ÁNIMO DE LUCRO.</b> Para esta clase de actos, sexan ou non deportivos, nos pavillóns ou nos campos de fútbol, feitos por empresas ou asociacións buscando un ánimo de lucro (concertos musicais, actos publicitarios, ...):	
	<b>Acto</b>	400 €
	<b>FIANZAS.</b> Independentemente da liquidación da taxa, segundo a anterior tarifa, esixirase o depósito dunha fianza por un importe de:	600 €
	A fianza será devolta de oficio pola Tesourería logo dun informe favorable do responsable municipal das instalacións ou do concelleiro delegado onde conste que as instalacións quedaron en perfectas condicións despois da súa utilización polos interesados.	

*ARTIGO 7. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non estarán suxeitas a esta taxa:

A utilización das instalacións que correspondan a competicións organizadas pola iniciativa do Ilmo. Concello do Grove ou patrocinadas por el.

A utilización das instalacións polos centros de ensino público que carezan de instalacións deportivas suficientes e soliciten as instalacións deportivas municipais.

A utilización das instalacións polos clubs do concello do Grove que cumpran todas as seguintes condicións:

Que teñan categorías cualificadas de base de infantís ata xuvenís.

Que as tarifas que lles cobran aos seus deportistas non superen os 10 € mensuais durante os meses de competición

Que o uso das instalacións sexa exclusivo dos deportistas e nunca para os socios.

Que contén cun respaldo mínimo de 40 socios por club.

Que teñan un seguro de responsabilidade civil.

Que presenten un certificado de solvencia bancaria do club referido a que o club teña movementos da propia conta bancaria relacionados coa actividade.

Que participen en competicións de maneira regular, mantendo a actividade un mínimo de 9 meses ao ano.

Que os “clubs de actividades marítimas” teñan embarcación de motor propia para usaren o pavillón náutico.

Que figuren inscritos no REDIM, e estean declarados de interese municipal polo Concello do Grove.

*ARTIGO 8. LIQUIDACIÓN E COBRAMENTO*

a) A taxa liquidarase e pagarase no momento de concesión ou autorización da utilización privativa.

b) O Ilmo. Concello do Grove, para aquelas utilizacións que impliquen risco de danos ou deterioración anormal das instalacións, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, das indemnizacións por danos que se poidan producir nos terreos de xogo ou en calquera outro servizo complementario. Este depósito poderá ser constituído en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros. Será devolto de oficio pola Tesourería municipal logo dun informe do responsable das instalacións onde conste que non se causou dano ou que este foi reparado.

*ARTIGO 9. TRAMITACIÓN*

a) As instancias nas que se farán constar os días e as horas en que se desexe efectuar a utilización e demais circunstancias que se desexen expoñer presentaranse no Rexistro xeral do Concello.

b) Corresponderalle ao concelleiro informar sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución.

A este informe acompañaráselle a liquidación correspondente ao outorgamento da licenza e a intervención municipal procederá a liquidar a taxa correspondente.

O responsable das instalacións deportivas municipais deberá consultar sempre co concelleiro ou coa persoa delegada antes de outorgar a licenza para a utilización destas.

*ARTIGO 10. LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN*

a) O aboamento da taxa correspondente pola utilización dunha IDM farase na Tesourería municipal.

- b) O prezo da fianza é o que indica o artigo 6 da presente Ordenanza.
- c) No caso de saber por anticipado a necesidade de uso dunha IDM para un acto extraordinario, deberase comunicar coa maior anticipación posible, a fin de favorecerse dunha posible exención das taxas. No resto dos casos, coma o desenvolvemento deportivo ordinario, chega con avisar na mesma semana.
- d) A anulación por parte do Concello do espectáculo só dará dereito á devolución das taxas cando sexa o propio Concello o responsable da non celebración, o solicitante non terá dereito a reclamar danos e perdas sempre e cando a cancelación do permiso se comunique con 48 horas de antelación.

### DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir desta data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Grove, 28 de setembro de 2012. — O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2012009356

\* \* \*

## M E I S

### A N U N C I O

*Asunto: Aprobación prezos públicos actividades culturais e deportivas curso 2012-2013*

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada con data 4 de outubro de 2012, acordou, por delegación do Pleno da Corporación, a aprobación dos prezos públicos do catálogo de actividades culturais e deportivas para o curso 2012-2013, polo que de conformidade cos artigos 59.4 e 60.1 da Lei 30/92, de réxime xurídico das Administracións Públicas e de procedemento administrativo común, procédese a dar publicidade dos mesmos co seguinte detalle:

#### ANEXO DE PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS CURSO 2012/2013.

##### ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

<i>ACTIVIDADES ADULTOS</i>	<i>PREZO MES</i>
AEROBIC	15 euros
PATINAXE	15 euros
PILATES	15 euros
PSICOMOTRICIDADE (MAIORES DE 55 ANOS)	15 euros
XADREZ	8 euros
<i>XADREZ (MAIORES DE 55 ANOS)</i>	<i>GRATUITO</i>
XIMNASIA MANTENEMENTO	15 euros
XIMNASIO	20 euros
XIMNASIO CON DEREITO A UNHA ACTIVIDADE: 25 EUROS/MES.	
XIMNASIO BONO 10 SESIÓN: 15 EUROS/MES.	
<i>ACTIVIDADES NENOS</i>	<i>PREZO MES</i>
NATAACION	9 euros (50 euros autobús anual)
PATINAXE	10 euros
PREDEPORTE	15 euros
XADREZ	8 euros